

Campamentos Nadal 2022

Requisitos:

- Rapazada de Infantil (2º ciclo) e Primaria empadroada.
Non empadroados: confirmarase dispoñibilidade de praza.
No caso de superar o número de prazas ofertadas procederase ao sorteo que se celebrará nas instalacións do departamento de educación o día **16 de decembro ás 10 horas**.

Normas xerais de aplicación a esta convocatoria de preinscrición:

- As persoas interesadas poderán formalizar a preinscrición a través de correo electrónico (educacion@arteixo.org) do **1 ao 15 de decembro**. Deberán **poñer no asunto campamento Nadal 2022**
- Deberán adxuntar o impreso de solicitude.
- Realizarase preinscrición para analizar necesidades das familias de cara á conciliación no período de Nadal.
- A formalización da matrícula será do **16 ao 20 de decembro**.

TEMÁTICA - CAMPAMENTO URBANO DE NAVIDAD, “ ECO NAVIDADES”

Posibilidade do seguinte horario :

De 07:15 a 17:30 horas, ou de 10:00 a 14:00 horas.

As actividades que se desenvolverán ao longo do campamento estarán relacionadas coa temática escollida, de corte medio ambiental. Será o tema troncal e transversal co que o monitorado traballará nas xornadas do campamento.

Destinatarios: 30 nenos e nenas de idades entre os 3 e 12 anos

Lugar de execución:

CAMPAMENTO –_AGARIMO

Servizos ofertados:

Campamento de 10:00 a 14:00h.

- Madrugadores dende ás 7:15h
- Xantar de 14:00h a 16:00h
- Ludoteca de 16:00h a 17:30h
- Transporte:
- Custo : 40 euros (servizos aparte)

Madrugadores sen almorzo: 15 euros

Madrugadores con almorzo: 25 euros

Xantar: 40 euros

Ludoteca: 15 euros

Transporte gratuíto

Datas de execución: 23, 26, 27, 28, 29 e 30 de decembro 2022 – 2, 3, 4 e 5 de xaneiro 2023.

O campamento non se poderá solicitar por días.

Págase polos 10 días de campamento.

TEMÁTICA - LABORATORIO MUSICAL – “A MÚSICA DOS PAXAROS”

A MÚSICA DOS PAXAROS”

Nesta ocasión, traballarase como contido transversal, o A MÚSICA DOS PAXAROS. Dende unha perspectiva lúdica e participativa, a actividade xirará en torno a cancións relacionadas con sons do bosque e máis concretamente dos paxaros. Os nenos e nenas aprenderán a recoñecer os distintos sons da natureza, sendo os paxaros os protagonistas destas xornadas. Dun xeito divertido e dinámico aprenderán os seus nomes e características, e tratarán transversalmente temas como a importancia do coidado e a conservación do medio natural

Arteixo / Educación

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

Avda. dos Bosques, 16, baixo
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telf.: 981 659 121

Email: educacion@arteixo.org

Destinatarios: 30 nenos e nenas de idades entre os 4 e 12 anos.

Lugar de execución:

LABORATORIO MUSICAL- CENTRO CÍVICO CULTURAL DE ARTEIXO
Laboratorio musical: de 10:00h a 14:00h

Custo : 40 euros

Datas de execución: 23, 26, 27, 28, 29 e 30 de decembro 2022 – 2, 3, 4 e 5 de xaneiro 2023.